



Esta semana presentamos a solicitude de adhesión como socios ao Grupo de desenvolvemento rural da Comarca das Mariñas (GDR 29).

A solicitude de adhesión será aceptada con toda probabilidade na próxima asemblea xeral do GDR xa que cumprimos todos os requisitos necesarios para ser aceptados.

Un GDR é unha asociación constituída polas institucións públicas e as entidades privadas dos ámbitos económico, social, cultural, veciñal e ambiental con implantación na zona correspondente e que decidan involucrarse no desenvolvemento do seu territorio.

Cada GDR diseña e executa o programa LEADER no seu territorio. O programa LEADER é o programa europeo para o desenvolvemento rural que se executará no período 2008-13.

O GDR-29 inclúe os municipios de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cesuras, Coirós, Culleredo, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne e Sada.

O Grupo de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos opta a un programa de fondos europeos

Está integrado por 110 socios de 16 municipios e presentou a súa candidatura ao programa Leader

Redacción
Betanzos

O Grupo de Desenvolvemento Rural GDR-29 "Mariñas-Betanzos" acaba de presentar a súa candidatura para optar ao programa europeo de subvencións Leader 2007-2013.

O documento final da candidatura foi aprobado pola Xunta Directiva e ratificado pola Asemblea Xeral en setembro pasado e foi xa remitido a Agader, tal e como establece o proceso selectivo.

Agora, o colectivo está á espera da aprobación da candidatura para percibir a asignación de fondos corespondente ao Programa Leader. Unha vez que se reciban os fondos, o GDR-29 Mariñas-Betanzos contará cunha estrutura técnica adicada á labor de dinamización, mobilización e promoción para

aplicar a estratexia deseñada para o territorio co obxectivo de que xurdan proxectos que se poidan financiar ao abeiro do programa.

Dezaseis municipios

O GDR-29 Mariñas Betanzos constitúese como Asociación sen ánimo de lucro para poder acollerse aos fondos europeos do programa Leader. O ámbito territorial do grupo son os concellos de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cesuras, Coirós, Culleredo, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne e Sada.

En total, a asociación conta con 110 socios entre os que se contan, ademais das entidades locais dos 16 municipios, outros colectivos sociais, económicos, organizacións ecoló-

xistas, de mulleres, etc. entre as que se atopa tamén ACEBE CCA.

Todas as entidades que participan nesta Asociación están organizadas en torno a mesas sectoriais coa finalidade de poñer en común a problemática do sector que representan, podendo formular posibles actuacións de mellora, e actuando como vehículo canalizador para facer chegar á Xunta Directiva todas aquelas suxerencias, demandas, proxectos ou iniciativas que o sector poida formular.

Durante todo o proceso participativo debatiuse abertamente tanto sobre fortalezas e debilidades como oportunidades e ameazas de cada un dos sectores. Tamén se recolleron propostas de distintas organizacións sobre proxectos que puiden acollerse ao Programa



Imaxe dunha das reunións da Xunta Directiva do GDR 29 Mariñas-Betanzos

Leader. Esta información serviu para establecer as futuras liñas de actuación do programa.

Os integrantes

As entidades socias do GDR-29 "Mariñas-Betanzos" están distribuídas en torno a 13 mesas sectoriais: "administracións locais", "sector institucional", "colectivos de interese social, discapacidade e Ong's", "asociacións de mulleres", "asociacións e colectivos xuvenís", "asociacións de empresarios multisectoriais", "sector agrario, gandeiro e cooperativo", "sector forestal e da madeira", "pesca, marisqueo, acuicultura", "asociacións deportivas,

recreativas, de veciños, culturais, Anpas", "sector do turismo e hostalería", "mesa da artesanía" e "asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza".

A Xunta Directiva está constituída por distintos representantes de todas as Mesas Sectoriais, entre os que foron elixidos en setembro os cargos principais. Como Presidente o Alcalde de Abegondo, Juan José Rocha; como Vicepresidente o Alcalde de Paderne, César Longo; na Secretaría un representante da Asociación de Artesáns das Mariñas e na Tesourería un representante da Asociación de Empresarios de Culleredo.